

GRATUIDADE LIBROS DE TEXTO CURSO 2018/2019

A Orde do 9 de maio de 2018 (DOG do 21 de maio) regula as distintas modalidades de gratuidade solidaria de libros de texto para o vindeiro curso 2018-2019: a participación no fondo solidario, as axudas para adquirir libros de texto e as axudas para adquirir material escolar.

Todas as familias do alumnado de **3º, 4º, 5º e 6º** de E. Primaria poderán solicitar acollerse ao FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO (banco de libros) regulado na Orde do 9 de maio.

As familias do alumnado de **1º e 2º** de E. Primaria, que non superen os 9000€ de renda per cápita no ano 2016, poderán solicitar as AXUDAS PARA A ADQUISIÓN DE LIBROS DE TEXTO (vale), así coma as do alumnado de E. Especial e as do alumnado regulado nas disposicións adicionais primeira e segunda da citada Orde.

Todas as familias do alumnado de **1º, 2º, 3º, 4º, 5º e 6º** de E. Primaria que non superen os 5400€ de renda per cápita no ano 2016 poderán solicitar as AXUDAS PARA A ADQUISIÓN DE MATERIAL ESCOLAR (vale) reguladas na Orde do 9 de maio.

Nesta convocatoria as solicitudes poderán presentarse, por primeira vez, por **vía electrónica** a través da aplicación Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>) empregando calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica, incluíndo o sistema de usuario e Chave 365. Igual que en anos anteriores, presentarase unha única solicitude para todos os irmáns matriculados no mesmo centro

Prazo de presentación de solicitudes: do **22 de maio** ao **22 de xuño** (ámbolos dous inclusive)

MOI IMPORTANTE: tanto para solicitar as axudas como para acollerse ao fondo solidario é **obrigatorio devolver** no centro **os libros correspondentes ao Fondo Solidario** utilizados no presente curso antes do 22 de xuño do 2018.

DOCUMENTACIÓN PARA A PRESENTACIÓN

- As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (anexo I) a seguinte documentación:
 - Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar).
 - Copia do libro de familia onde figuren todos os membros computables. Nos casos en que non teñan libro de familia ou este non reflicta a situación en 31 de decembro de 2016, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:
 - 1º. Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/da menor.
 - 2º. Certificado ou volante de convivencia.
 - 3º. Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.